

Follas do Cineclub | 23/11/2016

A regra do xogo

(La règle du jeu, Jean Renoir, Francia, 1939, 113', VOSG)

04

Bazin, André (1971): Jean Renoir (edición española, Madrid, 1973, Artiach, trad. Joaquín Bollo, pp. 64-67)

Estou convencido de que a importancia de Jean Renoir non vai deixar de aumentar. Advírtese que xa é moi salientable cando se consideran os seus filmes de antes da guerra, até tal punto que abraía que se trate aínda dun creador en plena vitalidade cuxa obra se enriquece sempre con filmes en que a beleza, a orixinalidade e a mocidade non deixan de sorprendernos. Como resumir en dous minutos a riqueza e a variedade?

De *Nana* a *French Cancan*, de *La Chienne* a *Carosse d'Or*, de *Crime de M. Lange* a *Flauve*, de *La Grande Illusion* a *The Southerner*, do *Diary of a Chambermaid* a *Elena et les Hommes*, Jean Renoir non deixou nunca de ser esencialmente fiel a si mesmo, sen deixar nunca de buscar novos camiños nin de se anovar. Outros grandes directores de cine non souberon dominar a súa propia mestría, quedaron presos dunha forma de cine que foi a que lles deu a súa gloria, porque o segredo da súa mestría residía nunha concordancia provisional entre os temas, o estilo, e as características particulares dunha época. Unha vez pasada esta misteriosa harmonía entre a mensaxe do artista e as características dos seus contemporáneos, a inspiración que non se anova aparece como algo falso. Esta desgraza non lle pode suceder a Renoir, cuxa sensibilidade para os acontecementos faino adaptarse ás vicisitudes da historia e ás diferenzas de civilización. Algúns creron que Jean Renoir estaba perdido para si mesmo e para o cine porque cambiara, en 1940, os ceos grises de Ile-de-France polo sol de California, o viño tinto e o queixo de Camembert polos alimentos americanos. Iso sería descoñecer o home e a natureza do seu talento.

En realidade, a emigración non podía ser para alguén como Jean Renoir máis ca unha ocasión de aumentar as súas perspectivas humanas, de adaptar a súa sensibilidade á escalada das inquietudes contemporáneas. A propósito de *The River*, cuxa acción sucede totalmente na India, Jean Renoir escribiu: «Sinto como esperta en min o desexo de tocar coas miñas mans ao meu próximo e penso que isto é, vagamente, se cadra, un desexo de todo o mundo hoxe en día. As forzas malignas torcen se cadra o curso dos acontecementos, pero sinto no corazón dos homes un desexo, non direi unha fraternidade, senón simplemente un desexo de coñecemento. Este interese é se cadra superficial. Pero é mellor que nada».

E dixo máis: «Existen creadores que van por diante, outros por detrás. Aqueles que senten ao unísono coa gran masa dos homes son, evidentemente, os que teñen máis éxito. Pero os verdadeiramente grandes van por diante dela o que non quere dicir que teñan sempre razón comercialmente». Renoir é demasiado intelixente para pretender enxalzarse con esta observación, pero ten conciencia de que pertence a aqueles que con máis ou menos fortuna ou dedicación, tratan de comunicarlles aos seus contemporáneos a crenza de que o cinema pode transmitirilles algo deles mesmos, da súa época e das súas inquietudes.

Pensando nas dificultades que puido ter para atopar durante a guerra, lonxe de Francia e nunha época de convulsións, os puntos cardinais a súa inspiración en relación coa que lle animaba en 1938 cando rodaba *La Règle du Jeu*, Renoir dinos: «Cando fixen *La Règle du Jeu* sabía onde estaba. Coñecía o mal que roía os meus contemporáneos. O meu instinto guiábame, a consciencia do perigo proporcionábame as situacións e as respostas. Os meus camaradas estaban comigo. Como non habíamos estar inquietos! Penso que o filme é bo. Pero realmente non é difícil traballar ben cando a brúxula da inquietude marca a verdadeira dirección».

Esta dirección sabemos moi ben cal era. Múnic acababa de se asinar. Georges Sadoul dixera moi xustamente que *La Règle du Jeu* representaba para a época anterior á guerra o que representara *Le Mariage de Figaro* para a Revolución de 1789. A expresión a través dunha historia e duns personaxes dunha civilización refinada, inconsciente e decadente. Tamén Renoir se inspirara, en efecto, en Beaumarchais, de quen cita no seu filme parte dunha canción de Chérubin, e tamén nos *Caprices de Marianne*, dos que *La Règle du jeu* copia a situación dramática fundamental. Unha muller dubida entre varios homes, excluído o único que a ama e que ha morrer no lugar do que ela agardaba.

Nin o público, nin a maioría da crítica souberon recoñecer en 1939 que *La Règle du Jeu* era a máis grande e máis lúcida expresión dunha época condenada. Pero esta non foi sen dúbida a causa principal de fracaso do filme. A historia de amor era tan válida coma calquera outra e abondaríalle para o éxito con que o guión respectase tamén a regra do xogo cinematográfico. Pero Renoir quixera realizar, segundo a súa propia expresión, un drama alegre, e esta mestura, insólita, desconcertou. Por outra parte, a dirección prodixiosamente móbil, a ironía sutil dos encadres e os movementos de cámara, o estilo da fotografía que anunciaba de maneira xeral a famosa profundidade de campo que nos veu de América a través de *Citizen Kane* e de *The best years of our life*, aparecían entón como fantasías ridículas, se cadra discutibles.

Hoxe *La Règle du jeu* é un clásico dos cineclubes. Considérase non só como a expresión máis depurada da escola realista francesade antes da guerra, da que Renoir é o máis grande representante, senón tamén, e máis aínda, como

A FESTA NO CASTELO

ANDRÉ BAZIN

a prefiguración dos elementos máis orixinais da evolución cinematográfica dos quince anos seguintes. Esta mensaxe estética non está aínda esgotada. A secuencia na que hai que fixarse é a festa no castelo. Arredor dunha mascarada improvisada polo castelán para distraer aos seus convidados, desenvólvese a máis increíble cazaría amorosa. Roland Tourtain, namorado e celoso, persegue a Nora grégor, empeñada en escoitar os piropos doutro convidado. Polo que se refire a Dalilo, o marido, persegue a todo o mundo sen perder o sentido da hospitalidade e da dignidade mundana. Unha traxicomedia análoga desenvólvese entre os criados e particularmente entre a doncela, Paulette Dubost, cortexada por Carette, perseguido por Gaston Modot, garda-bosques do castelo e marido de Paulette Dubost. Se Renoir conseguiu o seu propósito de facer un drama alegre é indubidablemente nesta admirable secuencia onde os afeccionados destacarán, por outra parte, os xiros incesantes da cámara e a nitidez da imaxe en toda a profundidade de campo. Velaquí a festa no castelo...

CINECLUBE DE COMPOSTELA

NOV
2016

ASOCIACIÓN

O Cineclube tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
① cineclubedecompostela.blogaliza.org
facebook.com/cineclubedecompostela
@ cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

MÉRCORES 2 DE NOVEMBRO

O espía de negro
(The Spy in Black, Michael Powell, Reino Unido, 1939, 90', VOSG)

MÉRCORES 23 DE NOVEMBRO

A regra do xogo
(La règle du jeu, Jean Renoir, Francia, 1939, 113', VOSG)

MÉRCORES 9 DE NOVEMBRO

Só os anxos teñen ás
(Only Angels Have Wings, Howard Hawks, EUA, 1939, 121', VOSG)

MÉRCORES 30 DE NOVEMBRO

O mozo Lincoln
(Young Mr. Lincoln, John Ford, EUA, 1939, 100', VOSG)

MÉRCORES 16 DE NOVEMBRO

A historia do crisantemo tardío
(残菊物語 [Zangiku monogatari], Kenji Mizoguchi, Xapón, 1939, 143', VOSG)